

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR VIRXE MILAGROSA - BUEU  
CURSO:3º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA:EDUCACIÓN PLÁSTICA  
DEPARTAMENTO:PLÁSTICA  
DATA:07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	1. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.
2. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	2.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. 2.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento.) para a composición de obras. 2.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. 2.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. 2.5. Combina técnicas de encartado e pegado. 2.6. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.
3. Coidar a presentación dos seus traballos.	3.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos. 3.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.

2.	Avaliación e cualificación
<p><b>Avaliación de alumnado con cualificación positiva nos trimestres anteriores.</b></p>	<p><b>Procedementos:</b> Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo e repaso. Os procedementos de avaliación basearíanse en traballos moi sinxelos presentados e entregados de xeito telemático .</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. (Esemtia School ).</p> <p><b>Os instrumentos</b> de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaráanse como instrumentos de avaliación a entrega das tarefas propostas cada dúas semanas, a súa correcta realización e a pulcritude( proporáanse actividades de xeito quincenal cun prazo de entrega de dúas semanas); as tarefas consistirán en representacións da súa realidade diaria e de situacións propias deste periodo excepcional e actividades pensadas para realizar en familia coa fin de conmemorar o día da familia. Terase tamén en conta a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento regular da realización das tarefas por parte do alumno pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas a través dun email personal ou mesmo dun whatsapp para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
<p><b>Cualificación final de alumnado con cualificación positiva nos trimestres anteriores.</b></p>	<p>A calificación final obterase como media aritmética da calificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada 1 punto a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>En ningún caso a calificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p>

<p><b>Avaliación de alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores.</b></p>	<p><b><u>Procedementos:</u></b> Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación e repaso. Os procedementos de avaliación basearánse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. ( Esemtia School ).</p> <p><b><u>Instrumentos:</u></b></p> <p><b>Os instrumentos</b> de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación a entrega das tarefas propostas cada dúas semanas, a súa correcta realización e a pulcritude( proporáanse actividades de xeito quincenal cun prazo de entrega de dúas semanas); as tarefas consistirán en representacións da súa realidade diaria e de situacións propias deste periodo excepcional e actividades pensadas para realizar en familia coa fin de conmemorar o día da familia. Terase tamén en conta a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento regular da realización das tarefas por parte do alumno pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas a través dun email personal ou mesmo dun whatsapp para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
<p><b>Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</b></p>	<p>No caso do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores, a súa calificación final non superará o 6. Esta calificación estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <p>No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de expresión plástica baseadas na representación de situacións contáis durante o confinamento dando liberdade no uso da técnica a seguir.</li> <li>• Realización dunha actividade sinxela de pop out.</li> <li>• Representación dunha fotografía familiar antiga.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas, xa que nalgún caso excepcional non teñen posibilidade de entrega telemática a través da plataforma aínda que si de recepción.</p> <p>A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro ( Esemtia School).</p> <p>Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguemento periódico do profesorado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>O principal recurso será a plataforma educativa do centro pero para a correcta realización das tarefas presentadas precisarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Papel, cartolinas, ceras, rotuladores, teas, e todo tipo de materiais apropiados para a realización da composición plástica requerida.</li> <li>• Fotografía de modelos similares coa fin de inspirar ao alumnado.</li> <li>• Plataforma Moodle para a realización das explicacións pertinentes e para a entrega dos traballos requeridos.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través de la plataforma Moodle e de Esemtia School.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

#### **OBSERVACIÓNS:**

A adaptación das Programación didácticas do curso 2019/2020 levaráanse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre





# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR VIRXE MILAGROSA - BUEU  
CURSO: 3º EP  
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA  
DEPARTAMENTO: CIENCIAS  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.	1.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.
2. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	2.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida. 2.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
3. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	3.1. Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola. 3.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter científico.	4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter científico. 4.2. Elabora textos e responde cuestións a partir de información obtida de material audiovisual ou escrita.
5. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	5.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. 5.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e sabe elaborar un menú saudable.
6. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	6.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. 6.2. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.
7. Observar e rexistrar algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo ou características e curiosidades relacionadas cos hábitos de vida dos seres vivos.	7.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e sabe explicalas.
8. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	8.1. Rexistra e comunica por escrito ou oralmente os resultados da observación do ciclo vital ou as características e curiosidades relacionadas cos hábitos de vida dos seres vivos.
9. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	9.1. Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. 9.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.

## 2. Avaliación e cualificación

<p><b>Avaliación do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres</b></p>	<p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos na programación didáctica da materia de Ciencias da Natureza e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo de 2020).</p> <p>Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións de comprensión audiovisual; expresión escrita; busca de información nun texto ou vídeo; resolución de exercicios de comprensión de textos científicos; realización de diversas actividades para desenvolver as competencias científicas; repaso de conceptos das dúas primeiras avaliacións etc.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza <i>Esemtia School</i> utilizada polo centro.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Para a avaliación a partir desa data utilizaranse como instrumentos a entrega das tarefas telemáticas semanais dentro do prazo de entrega proposto. As tarefas serán de diferentes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• visionado de vídeos e resolución de actividades a partir destes</li> <li>• resolución de tarefas de completar gráficos ou debuxos</li> <li>• producións escritas do alumno/a</li> <li>• resolución de actividades de repaso e de comprensión</li> <li>• cuestionarios en liña.</li> </ul> <p>Outros instrumentos que empregaremos para avaliar serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• xogos e actividades a través das aulas virtuais da plataforma</li> <li>• entrevistas individuais por videoconferencia</li> </ul> <p>Partindo do coñecemento profundo que temos do noso alumnado, grazas á observación directa na aula feita nos trimestres anteriores, teranse en conta na avaliación: a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a corrección da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e dos contactos telemáticos co profesorado.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das tarefas que vai realizando. Neste caso, faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado, empréganse as videochamadas para establecer contacto e facilítanse outros medios de comunicación como o correo electrónico da mestra para enviar as tarefas.</p>
<p><b>Cualificación final do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres</b></p>	<p>A cualificación final obtense da media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada ata o máximo dun punto a través da realización das actividades avaliadas propostas ao longo do terceiro trimestre. O alumnado non se verá perjudicado en ningún caso pola situación excepcional que estamos vivindo, polo que a cualificación final nunca será inferior a media aritmética obtida nos dous trimestres anteriores.</p>

<p><b>Avaliación do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b></p>	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que empregaremos co alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres, pero engadindo, ampliando ou modificando algunhas das tarefas propostas semanalmente para centralas concretamente na avaliación dos obxectivos mínimos da etapa e nas competencias básicas non adquiridas no primeiro e segundo trimestre, así como no diagnóstico e detección de dificultades específicas deste alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres. A información recollida durante esta avaliación ademais servirá no desenvolvemento da programación do vindeiro curso. Prestarase especial atención a este alumnado e terase en conta o esforzo realizado durante esta avaliación excepcional, así como a situación emocional, as dificultades socio-económicas e as circunstancias persoais que puidesen afectar á consecución dos obxectivos establecidos.</p>
<p><b>Cualificación final do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b></p>	<p>No caso do alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, a cualificación final estará baseada nas tarefas realizadas ao longo deste terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado un cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado, non podendo esta cualificación final superar o seis. No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a cualificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Resolución de actividades escritas; lecturas comprensivas; actividades de comprensión audiovisual; xogos e exercicios en liña; realización de manualidades, fotografías ou gravación de vídeos; resolución de tarefas de completar gráficos ou debuxos; exercicios de repaso similares aos realizados na aula nos trimestres anteriores; desafíos; tarefas de expresión escrita e videoconferencias.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois, nalgún caso excepcional, teñen dificultade na entrega telemática a través da plataforma aínda que non teñan problemas de recepción. A metodoloxía basearase no envío do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e o seguimento periódico do alumnado mediante a conexión co profesorado nas aulas virtuais da mesma plataforma. Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado e o establecemento dunha rutina de traballo semellante á do período escolar ordinario. Alén diso, o profesorado procurará ofrecer apoio emocional, loxístico e acompañamento ás familias e ao alumnado.
<b>Materiais e recursos</b>	O principal recurso será a plataforma educativa do centro. Tamén se utilizarán os libros de texto como apoio, así como material creado polo mestre (vídeos, documentos, xogos...) e materiais dispoñibles na rede en diferentes webs ou blogs educativos.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través da plataforma Moodle e de Esemtia School.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

#### **OBSERVACIÓNS:**

A adaptación das Programacións didácticas do curso 2019/2020 levaranse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020 do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR VIRXE MILAGROSA - BUEU  
CURSO: 3º EP  
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS  
DEPARTAMENTO: CIENCIAS  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020



## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).	1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
2. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.	2.1. Utiliza a Tecnoloxías da Información e a Comunicación (Internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. 2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	3.1. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo. 3.2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos ou responder ás actividades plantexadas coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. 3.3. Expón oralmente ou por escrito, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e escritos.
4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico	4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico. 4.2. Elabora textos e responde cuestións a partir de información obtida de material audiovisual ou escrita.
5. Identificar os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa neste.	5.1. Identifica a Terra como parte dun conxunto de corpos celestes que xiran arredor do Sol. 5.2. Describe a localización da Terra no sistema solar. 5.3. Localiza o Sol no centro do sistema solar e nomea os planetas que o forman.
6. Explicar as características básicas da Terra e os movementos que realiza, identificando os movementos de rotación e translación e as consecuencias deles.	6.1. Describe a forma e algunhas características básicas da Terra. 6.2. Explica o movemento de rotación terrestre e as súas consecuencias. 6.3. Describe día e noite como consecuencias da rotación terrestre. 6.4. Define ano e establece a súa equivalencia en días. 6.5. Explica o movemento de translación e as súas consecuencias. 6.6. Identifica as estacións e fixa a súa duración.
7. Nomear e identificar as capas que forman a Terra, describindo algunhas das súas características.	7.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra, e algunhas das súas características. 7.2. Describe a superficie da Terra e distingue entre os continentes, os mares e os océanos.
8. Describir características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, identificando as fases lunares e as súas consecuencias.	8.1. Describe a translación da Lúa e identifica e nomea as fases lunares.

<p>9. Identificar e recoñecer os puntos cardinais, desenvolver hábitos de orientación e nocións espaciais básicas, explicando distintas formas de representar a Terra.</p>	<p>9.1. Localiza os puntos cardinais, os polos, o ecuador, os hemisferios e o eixe de rotación en globos terráqueos e planisferios.  9.2. Describe o percorrido do Sol no ceo e coñece estratexias básicas para orientarse.  9.3. Identifica o compás e o GPS como instrumentos que serven para determinar a posición sobre superficie terrestre.  9.4. Diferencia globo terráqueo e planisferio.  9.5. Localiza e nomea continentes e océanos.</p>
<p>10. Adquirir unha idea básica do que é un plano e un mapa e dos elementos que adoita conter, valorar a súa importancia para orientarse, explicando o concepto de cartografía e o que representa.</p>	<p>10.1. Explica, de xeito sinxelo, que é a cartografía e que representa valorando a súa importancia como ferramenta fundamental de coñecemento científico.  10.2. Asocia planos sinxelos cos obxectos reais representados nel.  10.3. Identifica símbolos convencionais e interpreta lendas de planos sinxelos.</p>
<p>11. Identificar a atmosfera, explicar as súas principais características e a súa composición valorando a súa función fundamental de protexer a vida no planeta.</p>	<p>11.1. Define atmosfera e describe feitos e características das capas que se aprecian nela.  11.2. Explica, de forma sinxela, como a atmosfera protexe á Terra dos extremos do frío da calor e da radiación solar.  11.3. Coñece a composición da atmósfera, os distintos tipos de gases e algunhas características deles.</p>
<p>12. Identificar e explicar os estados en que se encontra a auga na natureza e os seus cambios de estado, así como o ciclo da auga.</p>	<p>12.1. Describe os cambios de estado da auga e as súas causas.  12.2. Identifica a calor e o frío como causas dos cambios de estado da auga e describe situacións naturais e artificiais nas que se produce este cambio.  12.3. Coñece as distintas etapas do ciclo da auga e o que acontece en cada unha delas.</p>
<p>13. Valorar a importancia do aire e da auga, desenvolvendo estratexias para reducir ou evitar a súa contaminación e para aforrar auga nas actividades cotiás.</p>	<p>13.1. Describe a distribución da auga doce e valora a súa importancia para a vida dos seres vivos.  13.2. Identifica e propón estratexias para o consumo responsable de auga.</p>
<p>14. Coñecer os elementos fundamentais do relevo e os ríos de Galicia.</p>	<p>14.1. Identifica e describe formas típicas do relevo de interior e de costa.  14.2. Describe as características máis importantes da paisaxe de Galicia.</p>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres</b>	<p><b>Procedementos:</b> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos na programación didáctica da materia de Ciencias Sociais e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo de 2020).</p> <p>Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearase en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións de comprensión audiovisual; expresión escrita; busca de información nun texto ou vídeo; resolución de exercicios de comprensión de textos científicos; realización de diversas actividades para desenvolver as competencias científicas; repaso de conceptos das dúas primeiras avaliacións etc.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza <i>Esemtia School</i> utilizada polo centro.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b> Para a avaliación a partir desa data utilizaranse como instrumentos a entrega das tarefas telemáticas semanais dentro do prazo de entrega proposto. As tarefas serán de diferentes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• visionado de vídeos e resolución de actividades a partir destes</li> <li>• elaboración de mapas ou resolución de tarefas de completar mapas e gráficos</li> <li>• gravación / creación de vídeos ou fotografías</li> <li>• producións escritas do alumno/a</li> <li>• resolución de actividades de repaso e de comprensión</li> <li>• cuestionarios en liña.</li> </ul> <p>Outros instrumentos que empregaremos para avaliar serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• xogos e actividades a través das aulas virtuais da plataforma</li> <li>• entrevistas individuais por videoconferencia</li> </ul> <p>Partindo do coñecemento profundo que temos do noso alumnado, grazas á observación directa na aula feita nos trimestres anteriores, teranse en conta na avaliación: a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a corrección da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e dos contactos telemáticos co profesorado.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das tarefas que vai realizando. Neste caso, faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado, empréganse as videochamadas para establecer contacto e facilítanse outros medios de comunicación como o correo electrónico da mestra para enviar as tarefas.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con cualificación positiva nos</b>	<p>A cualificación final obtense da media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada ata o máximo dun punto a través da realización das actividades avaliadas propostas ao longo do terceiro trimestre. O alumnado non se verá perjudicado en ningún caso pola situación excepcional que estamos</p>

<b>dous primeiros trimestres</b>	vivindo, polo que a cualificación final nunca será inferior a media aritmética obtida nos dous trimestres anteriores.
<b>Avaliación do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b>	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que empregaremos co alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres, pero engadindo, ampliando ou modificando algunhas das tarefas propostas semanalmente para centralas concretamente na avaliación dos obxectivos mínimos da etapa e nas competencias básicas non adquiridas no primeiro e segundo trimestre, así como no diagnóstico e detección de dificultades específicas deste alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres. A información recollida durante esta avaliación ademais servirá no desenvolvemento da programación do vindeiro curso.</p> <p>Prestarase especial atención a este alumnado e terase en conta o esforzo realizado durante esta avaliación excepcional, así como a situación emocional, as dificultades socio-económicas e as circunstancias persoais que puidesen afectar á consecución dos obxectivos establecidos.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b>	No caso do alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, a cualificación final estará baseada nas tarefas realizadas ao longo deste terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado un cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado, non podendo esta cualificación final superar o seis. No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a cualificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Resolución de actividades escritas; lecturas comprensivas; actividades de comprensión audiovisual; xogos e exercicios en liña; realización de manualidades, fotografías ou gravación de vídeos; elaboración de mapas ou resolución de tarefas de completar mapas e gráficos; exercicios de repaso similares aos realizados na aula nos trimestres anteriores; desafíos; tarefas de expresión escrita e videoconferencias.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois, nalgún caso excepcional, teñen dificultade na entrega telemática a través da plataforma aínda que non teñan problemas de recepción. A metodoloxía basearase no envío do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e o seguimento periódico do alumnado mediante a conexión co profesorado nas aulas virtuais da mesma plataforma. Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado e o establecemento dunha rutina de traballo semellante á do período escolar ordinario. Alén diso, o profesorado procurará ofrecer apoio emocional, loxístico e acompañamento ás familias e ao alumnado.
<b>Materiais e recursos</b>	O principal recurso será a plataforma educativa do centro. Tamén se utilizarán os libros de texto como apoio, así como material creado polo mestre (vídeos, documentos, xogos...) e materiais dispoñibles na rede en diferentes webs ou blogs educativos.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través da plataforma Moodle e de Esemtia School.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

#### **OBSERVACIÓNS:**

A adaptación das Programacións didácticas do curso 2019/2020 levaranse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020 do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR. VIRXE MILAGROSA - BUEU  
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS  
DEPARTAMENTO: LINGUA INGLESA  
DATA: 6/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"><li>1. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.</li></ul>	<p>1. 1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá</p> <p>1.2. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas que traten sobre temas familiares</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>2. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).</li></ul>	<p>2. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>3. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</li></ul>	<p>3. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>4. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de temas traballados previamente.</li></ul>	<p>4. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>5. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</li></ul>	<p>5. Completa un test online.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>6. Manter a pulcritude dos traballos presentados e seguir as instrucións dadas.</li></ul>	<p>6. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>7. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</li> </ul>	<p>7. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>8. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</li> </ul>	<p>8. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>9. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.</li> </ul>	<p>9. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico estudado con anterioridade. Pode ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.</p>

2.	Avaliación e cualificación
<p><b>Avaliación de alumnado con cualificación positiva nos trimestres anteriores.</b></p>	<p><b>Procedementos:</b> Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo e repaso. Os procedementos de avaliación basearíanse en actividades de tradución, fill in the gaps, reading comprehension, redacción de frases sinxelas, elaboración de preguntas e respostas e listenings, entregados de xeito telemático</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. ( Esemtia School ).</p> <p><b>Os instrumentos</b> de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación a entrega das tarefas propostas semanalmente, a súa correcta realización e a pulcritude; grabacións de vídeos,, exercicios escritos (listenings, fill in the gaps, redacción de pequenas frases, reading comprehension, pequenas traducións) e a realización de exercicios online a través de diferentes páxinas web. Terase tamén en conta a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno pero facilitando un email personal do mestre ao que enviar as tarefas e mesmo un whatsapp nalgúns casos.</p>
<p><b>Cualificación final de alumnado con cualificación positiva nos trimestres anteriores.</b></p>	<p>A cualificación final obterase como media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada 1 punto a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>En ningún caso a cualificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p>

<p><b>Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</b></p>	<p><b><u>Procedementos:</u></b> Propóranse no terceiro trimestre actividades de reforzo e recuperación dos contidos vistos nos dous primeiros trimestres baseando-se nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas da etapa. Os procedementos de avaliación basearánse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como escribir palabras sinxelas ou facer pequenas lecturas.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. ( Esemtia School ).</p> <p><b><u>Instrumentos:</u></b></p> <p>Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ). Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación a entrega das tarefas propostas semanalmente, a súa correcta realización e a pulcritude; grabacións de vídeos,, exercicios escritos (listenings, fill in the gaps, redacción de pequenas frases, reading comprehension, pequenas traducións) e a realización de exercicios online a través de diferentes páxinas web. Terase tamén en conta a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Terase tamén en conta a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores. Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno pero facilitando un email personal do mestre ao que enviar as tarefas e mesmo un whatsapp nalgúns casos.</p>
<p><b>Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</b></p>	<p>No caso do alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, a súa calificación final non superará o 6. Esta calificación estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <p>No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Resolución de actividades escritas (exercicios sobre o vocabulario, pequenas redaccións seguindo un modelo dado, reading comprehensions, traducións de oracións sinxelas, preguntas e respostas, negativas e interrogativas) listenings, visionado de vídeos e realización de grabacións.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas, xa que nalgún caso excepcional non teñen posibilidade de entrega telemática a través da plataforma aínda que sí de recepción.</p> <p>A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro ( Esemtia School) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma.</p> <p>Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguemento periódico do profesorado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>O principal recurso será a plataforma educativa do centro</p> <p>E os libros de texto serán utilizados como apoio polo alumnado que dispón dos recursos dixitais da editorial Macmillan. Tamén se empregará material creado polo mestre e materiais web de libre disposición como son os vídeos, os xogos de vocabulario online ou os dicionarios ilustrados.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través de la plataforma Moodle e de Esemtia School.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

**OBSERVACIÓNS:**

A adaptación das Programación didácticas do curso 2019/2020 levaránse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre







# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR VIRXE MILAGROSA - BUEU  
CURSO: 3º EP  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
DEPARTAMENTO: LINGUAS  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, que se dan nas videochamadas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	<p>1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.</p> <p>1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p>
2. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación nas videochamadas.	<p>2.1. Intervén de forma efectiva en situacións de comunicación nas videochamadas.</p> <p>2.2. Emprega elementos básicos que facilitan as súas intervencións comunicativas: entoación, pronuncia e vocabulario.</p> <p>2.3. Relata sucesos e anécdotas con coherencia.</p>
3. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto.	<p>3.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.</p> <p>3.2. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</p>
4. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos en soporte audiovisual breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	<p>4.1. Comprende de forma global a información xeral de textos, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....</p> <p>4.2. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.</p> <p>4.3. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.</p>
5. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	<p>5.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.</p> <p>5.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p> <p>5.3. Elabora glosarios coas novas palabras.</p>
6. Identifica a estrutura de diferentes textos, centrándose na interpretación do seu significado.	<p>6.1. Diferenza entre información relevante e non relevante.</p> <p>6.2. Formula hipóteses sobre a finalidade de diferentes textos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos.</p>

7. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información e para comunicarse coas compañeiras e compañeiros e o profesorado.	7.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información e para comunicarse coas compañeiras e compañeiros e o profesorado.
8. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	8.1. Escribe textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas... 8.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. 8.3. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
9. Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuizos.	9.1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.
10. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	10.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar o nome, substituír o nome, expresar características do nome, expresar acción. 10.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos. 10.3. Diferenza familias de palabras.
11. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	11.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita. 11.2. Identifica palabras sinónimas, antónimas, polisémicas e frases feitas en textos.
12. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	12.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión escrita. 12.2. Aplica as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas. 12.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
13. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	13.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.
14. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	14.1. Crea textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres</b>	<p><b>Procedementos:</b> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos na programación didáctica da materia de Lingua castelá e Literatura e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo de 2020). Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións de comprensión audiovisual; expresión escrita; busca de información nun texto ou vídeo; resolución de exercicios de comprensión de texto; realización de diversas actividades para desenvolver a competencia lingüística; repaso de conceptos gramaticais e ortográficos das dúas primeiras avaliacións etc. Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza <i>Esemtia School</i> utilizada polo centro.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Para a avaliación a partir desa data utilizaranse como instrumentos a entrega das tarefas telemáticas semanais dentro do prazo de entrega proposto. As tarefas serán de diferentes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• visionado de vídeos e resolución de actividades a partir deste</li><li>• gravación / creación de vídeos ou fotografías</li><li>• producións escritas do alumno/a</li><li>• resolución de actividades de repaso e de comprensión</li><li>• cuestionarios en liña.</li></ul> <p>Outros instrumentos que empregaremos para avaliar serán:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• xogos e actividades a través das aulas virtuais da plataforma</li><li>• entrevistas individuais por videoconferencia</li></ul> <p>Partindo do coñecemento profundo que temos do noso alumnado, grazas á observación directa na aula feita nos trimestres anteriores, teranse en conta na avaliación: a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a corrección da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e dos contactos telemáticos co profesorado.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das tarefas que vai realizando. Neste caso, faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado, empréganse as videochamadas para establecer contacto e facilítanse outros medios de comunicación como o correo electrónico da mestra para enviar as tarefas.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con cualificación</b>	A cualificación final obtense da media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada ata o máximo dun punto a través da realización das actividades avaliadas propostas ao longo do terceiro trimestre. O alumnado

<b>positiva nos dous primeiros trimestres</b>	non se verá perxudicado en ningún caso pola situación excepcional que estamos vivindo, polo que a cualificación final nunca será inferior a media aritmética obtida nos dous trimestres anteriores.
<b>Avaliación do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b>	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que empregaremos co alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres, pero engadindo, ampliando ou modificando algunhas das tarefas propostas semanalmente para centradas concretamente na avaliación dos obxectivos mínimos da etapa e nas competencias básicas non adquiridas no primeiro e segundo trimestre, así como no diagnóstico e detección de dificultades específicas deste alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres. A información recollida durante esta avaliación ademais servirá no desenvolvemento da programación do vindeiro curso.</p> <p>Prestarase especial atención a este alumnado e terase en conta o esforzo realizado durante esta avaliación excepcional, así como a situación emocional, as dificultades socio-económicas e as circunstancias persoais que poidesen afectar á consecución dos obxectivos establecidos.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b>	No caso do alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, a cualificación final estará baseada nas tarefas realizadas ao longo deste terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado un cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado, non podendo esta cualificación final superar o seis. No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a cualificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Resolución de actividades escritas; lecturas comprensivas; actividades de comprensión audiovisual; xogos e exercicios en liña; realización de manualidades, fotografías ou gravación de vídeos; exercicios de repaso similares aos realizados na aula nos trimestres anteriores; desafíos; tarefas de expresión escrita e videoconferencias.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois, nalgún caso excepcional, teñen dificultade na entrega telemática a través da plataforma aínda que non teñan problemas de recepción.</p> <p>A metodoloxía basearase no envío do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e o seguimento periódico do alumnado mediante a conexión co profesorado nas aulas virtuais da mesma plataforma.</p> <p>Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado e o establecemento dunha rutina de traballo semellante á do período escolar ordinario. Alén diso, o profesorado procurará ofrecer apoio emocional, loxístico e acompañamento ás familias e ao alumnado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	O principal recurso será a plataforma educativa do centro. Tamén se utilizarán os libros de texto como apoio, así como material creado polo mestre (vídeos, documentos, xogos...) e materiais dispoñibles na rede en diferentes webs ou blogs educativos.



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través da plataforma Moodle e de Esemtia School.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

**OBSERVACIÓNS:**

A adaptación das Programacións didácticas do curso 2019/2020 levaranse a cabo en cumprimento da Orde EFP/365/2020 do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR VIRXE MILAGROSA - BUEU  
CURSO: 3º EP  
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA  
DEPARTAMENTO: LINGUAS  
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, que se dan nas videochamadas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	<p>1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.</p> <p>1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p>
2. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación nas videochamadas.	<p>2.1. Intervén de forma efectiva en situacións de comunicación nas videochamadas.</p> <p>2.2. Emprega elementos básicos que facilitan as súas intervencións comunicativas: entoación, pronuncia e vocabulario.</p> <p>2.3. Relata sucesos e anécdotas con coherencia.</p>
3. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto.	<p>3.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.</p> <p>3.2. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</p>
4. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos en soporte audiovisual breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	<p>4.1. Comprende de forma global a información xeral de textos, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....</p> <p>4.2. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.</p> <p>4.3. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.</p>
5. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	<p>5.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.</p> <p>5.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p> <p>5.3. Elabora glosarios coas novas palabras.</p>
6. Identifica a estrutura de diferentes textos, centrándose na interpretación do seu significado.	<p>6.1. Diferenza entre información relevante e non relevante.</p> <p>6.2. Formula hipóteses sobre a finalidade de diferentes textos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos.</p>

7. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información e para comunicarse coas compañeiras e compañeiros e o profesorado.	7.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información e para comunicarse coas compañeiras e compañeiros e o profesorado.
8. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	8.1. Escribe textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas... 8.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. 8.3. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
9. Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuízos.	9.1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.
10. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	10.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar o nome, substituír o nome, expresar características do nome, expresar acción. 10.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos. 10.3. Diferenza familias de palabras.
11. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua e desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	11.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita. 11.2. Identifica palabras sinónimas, antónimas, polisémicas e frases feitas en textos. 11.3. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión escrita, así como as normas de acentuación (sílabas tónicas). 11.5. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
12. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	12.1. Valora os recursos literarios da tradición oral galega: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.
13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	13.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... 13.2. Reconece a validez da lingua galega para conversar con persoas con ecidas ou descon ecidas.
14. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	14.1. Crea textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación do alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres</b>	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos na programación didáctica da materia de Lingua galega e Literatura e aplicados ata a finalización do 2º trimestre (13 de marzo de 2020). Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados propóranse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións de comprensión audiovisual; expresión escrita; busca de información nun texto ou vídeo; resolución de exercicios de comprensión de texto; realización de diversas actividades para desenvolver a competencia lingüística; repaso de conceptos gramaticais e ortográficos das dúas primeiras avaliacións etc. Na actualidade todo o alumnado de primaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza <i>Esemtia School</i> utilizada polo centro.</p> <p>Instrumentos: Para a avaliación a partir desa data utilizaranse como instrumentos a entrega das tarefas telemáticas semanais dentro do prazo de entrega proposto. As tarefas serán de diferentes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• visionado de vídeos e resolución de actividades a partir deste</li><li>• gravación / creación de vídeos ou fotografías</li><li>• producións escritas do alumno/a</li><li>• resolución de actividades de repaso e de comprensión</li><li>• cuestionarios en liña.</li></ul> <p>Outros instrumentos que empregaremos para avaliar serán:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• xogos e actividades a través das aulas virtuais da plataforma</li><li>• entrevistas individuais por videoconferencia</li></ul> <p>Partindo do coñecemento profundo que temos do noso alumnado, grazas á observación directa na aula feita nos trimestres anteriores, teranse en conta na avaliación: a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a corrección da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e dos contactos telemáticos co profesorado.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das tarefas que vai realizando. Neste caso, faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado, empréganse as videochamadas para establecer contacto e facilítanse outros medios de comunicación como o correo electrónico da mestra para enviar as tarefas.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con cualificación</b>	A cualificación final obtense da media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada ata o máximo dun punto a través da realización das actividades avaliadas propostas ao longo do terceiro trimestre. O alumnado

<b>positiva nos dous primeiros trimestres</b>	non se verá perxudicado en ningún caso pola situación excepcional que estamos vivindo, polo que a cualificación final nunca será inferior a media aritmética obtida nos dous trimestres anteriores.
<b>Avaliación do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b>	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os mesmos que empregaremos co alumnado con cualificación positiva nos dous primeiros trimestres, pero engadindo, ampliando ou modificando algunhas das tarefas propostas semanalmente para centradas concretamente na avaliación dos obxectivos mínimos da etapa e nas competencias básicas non adquiridas no primeiro e segundo trimestre, así como no diagnóstico e detección de dificultades específicas deste alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres. A información recollida durante esta avaliación ademais servirá no desenvolvemento da programación do vindeiro curso.</p> <p>Prestarase especial atención a este alumnado e terase en conta o esforzo realizado durante esta avaliación excepcional, así como a situación emocional, as dificultades socio-económicas e as circunstancias persoais que poidesen afectar á consecución dos obxectivos establecidos.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con cualificación negativa nalgún ou nos dous trimestres anteriores</b>	No caso do alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, a cualificación final estará baseada nas tarefas realizadas ao longo deste terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado un cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado, non podendo esta cualificación final superar o seis. No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a cualificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Resolución de actividades escritas; lecturas comprensivas; actividades de comprensión audiovisual; xogos e exercicios en liña; realización de manualidades, fotografías ou gravación de vídeos; exercicios de repaso similares aos realizados na aula nos trimestres anteriores; desafíos; tarefas de expresión escrita e videoconferencias.
